



Guía docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Mitología Clásica	Código	710G01079	
Titulación	Grao en Humanidades			
Descritores				
Ciclo	Periodo	Curso	Tipo	Créditos
Grado	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Gallego			
Modalidad docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinador/a	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Profesorado	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Web				
Descripción general	Os obxectivos docentes básicos da Mitoloxía Clásica son dar a coñecer os principais mitos gregos e latinos e as distintas correntes teóricas que trataron de comprendelos e estudalos. Entendida como repertorio e estudo sistemático dos mitos antigos, a mitoloxía representa un aspecto fundamental nos estudos da cultura clásica desde diversos puntos de vista (histórico, antropolóxico, literario, etc.). A súa pervivencia e continua reinterpretación dos mitos ao longo do tempo, ata os nosos días, fan da mitoloxía clásica un referente fundamental da cultura occidental, que se manifesta en eidos tan diversos como a arte, a literatura, o cinema ou a música, entre outros. A todos estes aspectos presta atención a materia Mitoloxía clásica, cuxo programa se estrutura en dúas partes: unha, máis teórica, que pretende comprender qué é o mito e como foi interpretado e outra centrada na análise dalgúns mitos gregos.			

Competencias del título	
Código	Competencias del título

Resultados de aprendizaje			
Resultados de aprendizaje	Competencias del título		
Coñecemento das producións culturais da Humanidade (Arte, Pensamento, Literatura e Institucións).			
Coñecemento do pasado desde un punto de vista diacrónico			
Coñecemento sincrónico e diacrónico de diversas realidades culturais actuais			
Coñecemento de linguas e culturas clásicas			
Coñecemento de técnicas e métodos de traballo e análise das ciencias humanas e sociais			
Uso correcto, oral e escrito, das linguas propias			
Aprender a aprender			
Aplicar un pensamento lóxico, crítico e creativo			
Traballar de forma autónoma con iniciativa			
Traballar de forma colaborativa			
Comunicación oral e escrita nas linguas propias			
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma			

Contenidos	
Tema	Subtema
1. Definición de mito e mitoloxía.	1. O termo mítos 2. Definición de mito. 3. Concepto de Mitoloxía.
2. Características xerais dos mitos gregos.	1. Os deuses 2. Preminencia dos mitos heroicos. 3. Escaseza de elementos fantásticos e simplicidade temática.



3. Mito e relixión na Grecia antiga.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Orixe e desenvolvemento da relixión grega. 2. Características da relixión grega cívica. 3. Relación entre mito, relixión e culto.
4. Tradición e fontes dos mitos gregos.	
5. Historia da interpretación dos mitos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Antigüidade. 2. A Idade Media e o Renacemento. 3. A Ilustración. 4. O século XIX. 5. O século XX.
6. A Teogonía de Hesíodo.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Teogonía: introdución xeral. 2. O mito hesiódico da creación. 3. Os protagonistas da cosmoxía hesiódica e as fontes da Teogonía. 4. Interpretación da cosmogonía hesiódica. 5. O mito da sucesión divina. 6. Paralelos orientais do mito da sucesión. 7. Interpretacións do mito da sucesión. 8. Xigantomaquia e Tifonomaquia. 9. Os matrimonios de Zeus.
7. O mito hesiódico das idades e das razas e a interpretación estruturalista.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Versión hesiódica do mito. 2. Análise estruturalista de J.-P. Vernant. 3. Outras versións do mito.
8. Versións e interpretacións do mito de Prometeo e Pandora.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fontes e versións. 2. Pandora. 3. Interpretacións.
9. Versións e interpretacións do mito de Edipo (poderá substituírse por outro mito heroico)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fontes. 2. Os personaxes e os seus nomes. 3. Análise dos motivos e das versións. 4. Cronoloxía. 5. Interpretacións. 6. Tradición do mito de Edipo (arte, literatura, cinema).

Planificación

Metodoloxías / pruebas	Competencias	Horas presenciales	Horas no presenciales / traballo autónomo	Horas totales
Aprendizaxe colaborativo		24	48	72
Lecturas		0	20	20
Prueba mixta		2	15	17
Traballo tutelados		0	16	16
Sesión magistral		24	0	24
Atención personalizada		1	0	1

(*Los datos que aparecen en la tabla de planificación són de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de los alumnos

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativo	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.



Lecturas	Textos que se comentarán nas sesións maxistras e de aprendizaxe colaborativa e que inclúen tanto fontes antigas como estudos modernos. A respecto das primeiras, dúas obras fundamentais para este curso son a Teogonía de Hesíodo e Edipo rei de Sófocles. Nas aulas indicaranse outros textos recomendados, así como as traducións dos mesmos (no caso de obras grecolatinas).
Prueba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas sobre contidos do programa.
Trabajos tutelados	Traballo individual sobre algún mito clásico.
Sesión magistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Trabajos tutelados	Os traballos tratarán sobre algún mito clásico ou sobre calquera outro aspecto relacionado co programa. Nel os alumnos deberán tratar os aspectos máis relevantes (fontes, interpretación, tradición, etc.) e terán que demostrar a asimilación de conceptos, manexo da bibliografía e unha correcta exposición e presentación. O profesor fará un seguimento destes traballos e atenderá dúbidas sobre os mesmos no horario de titorías ou a través do correo electrónico.

Evaluación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Calificación
Sesión magistral		Asistencias ás aulas.	5
Aprendizaxe colaborativo		Asistencia ás aulas, participación nas mesmas e realización das tarefas que se encomenden.	15
Prueba mixta		Responder correctamente a cuestións sobre o programa da materia nun exame escrito que se realizará na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.	50
Trabajos tutelados		Entrega dos traballos individuais e boa calidade dos mesmos.	30

Observacións avaliación



Establécense dúas modalidades de avaliación: 1) avaliación continua (50%) + avaliación final (50%), 2) avaliación final (100%).

A

avaliación final consistirá nun exame escrito que se realizará nas datas das convocatorias oficiais aprobadas na Xunta de Facultade. Na modalidade 1) quedarán excluídos do exame final os temas sobre os cales se realizasen actividades de avaliación continua. Na modalidade 2) os alumnos e alumnas examinaranse da totalidade do programa.

As

actividades de avaliación continua desenvolveranse nas clases interactivas e consistirán en pequenos traballos sobre cuestións puntuais do programa. O profesor indicará a bibliografía necesaria para os alumnos desenvolveren a actividade. As actividades serán individuais ou en grupo (segundo se indique) pero, en calquera caso, darán lugar a un debate nas aulas. Xa que logo, non so se valorará a elaboración dos traballos, senón a asistencia e a participación nas aulas. Ademais, cada alumno/a deberá entregar un resumo do traballo que fixo en cada actividade.

Outra actividade de avaliación continua

será un traballo tutelado sobre unha cuestión monográfica relacionada cos mitos clásicos e coa súa recepción. Quedan excluídos como temas dos traballos aqueles que se estuden nas aulas.

Tamén se terá en conta na avaliación continua a asistencia ás aulas (tanto interactivas como expositivas).

Os aspectos formais (corrección lingüística, claridade na exposición, bibliografía correctamente citada, etc.) teranse en conta na avaliación dos traballos.

En

caso de non superarse a materia en xaneiro, as cualificacións das actividades de avaliación continua manteranse na convocatoria de xullo.

A

data de entrega dos traballos indicárase nas aulas. En calquera caso, deberá ser unha data que permita cumprir os prazos de avaliación previstos na normativa de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.



"Aqueles/as alumnos /as
que teñan algún tipo de excepcionalidade para vir a clase legalmente concedida,
que falen co/a profesor/ a á comezos de curso para establecer as titorías e os
sistemas de avaliación correspondentes."



Fuentes de información

<p>Básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Hawes, G. (2014). Rationalizing Myth in Antiquity. Oxford - Bowlby, R. (2007). Freudian Mythologies. Greek Tragedy and Modern Identities. Oxford U. P. - Bremmer, J. (1990). Interpretations of Greek Mythology. London:Routledge - Brisson, L. (2004). How Philosophers Saved Myths. Allegorical Interpretation and Classical Mythology. Chicago U. P. - Caldwell, R. S. (1993). The Origin of the Gods A Psychoanalytic Study of Greek Theogonic Myth. Oxford - Cooke, J. (2003). &quot;Oedipus the Pharmakos and the psychoanalitics plague&quot;, Legacies of Plague in Literature, Theory and Film. Londres:Palgrave Macmillan - Strauss Clay, J. (2003). Hesiod's Cosmos. Cambridge - Edmunds, L. (2006). Oedipus (Gods and Heroes of the Ancient World). London:Routledge - Kirk, G. S. (1974). La naturaleza de los mitos griegos. Barcelona - García Gual, C. (1992). Introducción a la mitología griega. Madrid - Panofsky, D.-Panofsky, E. (1975). La caja de Pandora: aspectos cambiantes de un símbolo mítico. Barcelona - Panofsky, E.-Saxl, F. (1990). La Mythologie classique dans l'art médiéval. Brionne - Luri Medrano, G. (2001). Prometeos: biografías de un mito. Madrid - Seznec, J. (1983). Los dioses de la Antigüedad en la Edad Media y el Renacimiento. Madrid - Vernant, J.-P. (1982). Mito y sociedad en la Grecia antigua. Madrid - Vernant, J.-P. (1985 (2ª ed.)). Mito y pensamiento en la Grecia antigua. Madrid - Ruipérez, M. S. (2006). El mito de Edipo. Lingüística, psicoanálisis y folclore. Madrid - Rose, H. J. (1973 (2ª ed.)). Mitología griega. Barcelona - Purificación Nieto, J. (1998). La mitología griega: introducción, Estudios Clásicos 114, 7-39. - Kirk, G. S. (1990). El mito: su significado y función en las culturas antiguas. Barcelona - Eliade, M. (1968). Mito y realidad. Madrid - Eliade, M. (1974). Tratado de historia de las religiones. Madrid - Dumèzil, G. (1970). Los dioses de los indoeuropeos. Barcelona - Ruiz de Elvira, A. (1982). Mitología clásica. Madrid - Grimal, P. (2008 (reimpr.)). Diccionario de mitología griega y romana. Barcelona - Norford, M. P. O.-Lenardon, R. J. (2003 (7ª ed.)). Classical Mythology. Oxford - Kenaan, V. L. (2008). Pandora's Senses. The Feminine Character of the Ancient Text. Wisconsin <p>Otras referencias bibliográficas e recursos útiles para o desenvolvemento da asignatura serán indicados ao longo do curso.</p>
<p>Complementaría</p>	

Recomendaciones

Asignaturas que se recomienda haber cursado previamente

Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Asignaturas que continúan el temario

Otros comentarios

(*) La Guía Docente es el documento donde se visualiza la propuesta académica de la UDC. Este documento es público y no se puede modificar, salvo cosas excepcionales bajo la revisión del órgano competente de acuerdo a la normativa vigente que establece el proceso de elaboración de guías